

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CURSO 2023-2024.**

### 1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DA ESO.

#### 1.1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Realizaranse dúas probas obxectivas por avaliación que serán cualificadas da seguinte maneira:

- 80% Aplicarase ás probas obxectivas.
- 10% Exame do libro de lectura proposto para cada avaliación.
- 10% Traballo desenvolto regularmente na aula, así como para a realización das tarefas diarias encomendadas.

A nota mínima para superar cada avaliación é de 5 puntos sobre 10.

A nota mínima nas probas obxectivas para facer media non poderá ser inferior a 3,5. O departamento considera que as competencias non están adquiridas se a nota numérica é inferior.

O alumnado que non consiga superar algunha das avaliacións parciais deberá realizar unha proba final que se especifica no apartado seguinte.

#### 1.2.- CUALIFICACIÓN FINAL.

Para o alumnado que teña superadas as tres avaliacións parciais, durante o curso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

O alumnado que non teña superada a materia, terá que presentarse a unha proba final que terá lugar durante o mes de xuño. Esta proba realizarase seguindo os seguintes criterios obxectivos:

- O alumnado que teña unha avaliación negativa deberá recuperar os contidos desa única avaliación.
- O alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas recuperará **toda** a materia do curso. Trátase dunha proba global e polo tanto, versará sobre os contidos impartidos ao longo de **TODO** o curso.

Para superar ditas probas, cualificadas sobre 10 puntos, é preciso acadar un mínimo de 5 puntos. A nota final neste caso será a adquirida na devandita proba.

## 2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO DO BACHARELATO.

### 2.1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O 1º CURSO DO BACHARELATO.

En 1º de bacharelato realizarase unha proba obxectiva por avaliación que poderá ser feita en dúas partes: unha que abranguerá a materia do bloque de "Comunicación" e do bloque de " Reflexión sobre a lingua"; e a outra que abranguerá o bloque de "Educación literaria". Estas dúas partes serán cualificadas da seguinte maneira:

- 80% Aplicarase á proba obxectiva\*.
- 10% Exame do libro de lectura proposto para cada avaliación.
- 10% Traballo desenvolto regularmente na aula así como para a realización das tarefas diarias encomendadas e os traballos ou comentarios recollidos pola docente.

A nota mínima para superar cada avaliación é de 5 puntos sobre 10.

\*A nota mínima en cada parte das probas obxectivas non poderá ser inferior a 3,5 para facer media coa outra parte. O departamento considera que as competencias sobre os diferentes bloques de contidos non están adquiridas se a nota numérica é inferior.

O alumnado que non consiga superar algunha das avaliacións parciais deberá realizar unha proba final que se especifica no apartado seguinte.

### 2.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O 2º CURSO DO BACHARELATO.

O Departamento establece os seguintes criterios para a avaliación do alumnado de **2º de bacharelato**:

- Realización de unha a dúas probas cualificables por avaliación, segundo considere oportuno a profesora. A nota media dos exames supoñerá o **90%** da nota de avaliación á que se sumará o **10%** do libro de lectura e/ou tarefas encomendadas pola docente e traballo desenvolto regularmente na aula. Considerarase aprobada unha avaliación cando, unha vez examinadas e ponderadas todas as observacións realizadas no

trimestre, o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Se a cualificación é inferior, a avaliación considerárase suspensa.

- En 2º de bacharelato a materia terá carácter de avaliación continua e as probas versarán sobre calquera dos contidos traballados ao longo do curso. Os exames serán de tipo teórico-práctico e elaboraranse tendo en conta os exercicios do modelo das ABAU. Todas as partes terán a mesma valoración, polo que o/a alumno/a deberá realizar todos os exercicios (comprensión escrita, expresión escrita, estudo da lingua, sociolingüística ou literatura) para superar a materia.
- **Cualificación final da materia.** En 2º de bacharelato, cando as tres avaliacións sexan cualificadas cunha nota igual ou superior a 5, a cualificación final será o resultado de realizar a media das tres avaliacións, tendo en conta que a primeira e a segunda ponderarán un 30% e a terceira un 40%. Se a nota da terceira avaliación é superior á media, manterase esta como nota final.

### 2.3.- CUALIFICACIÓN FINAL PARA O 1º CURSO DE BACHARELATO.

Para o alumnado que teña superadas as tres avaliacións parciais, durante o curso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

O alumnado que non teña superada a materia na convocatoria ordinaria, terá que presentarse a unha proba final de carácter extraordinario, que terá lugar durante o mes de xuño. Esta proba realizarase seguindo os seguintes criterios obxectivos:

- O alumnado que teña unha avaliación negativa deberá recuperar os contidos desa única avaliación.
- O alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas recuperará **toda** a materia do curso. Trátase dunha proba global e polo tanto, versará sobre os contidos impartidos ao longo de **TODO** o curso.

Para superar ditas probas, cualificadas sobre 10 puntos, é preciso acadar un mínimo de 5 puntos. A nota final neste caso será a adquirida na devandita proba.

### 2.4.- CUALIFICACIÓN FINAL PARA O 2º CURSO DO BACHARELATO

Se o/a alumno/a non supera a materia seguindo os criterios estipulados, antes da avaliación ordinaria poderá optar a unha proba final en maio.

Se despois desta proba final ordinaria non obtén unha nota mínima de 5 sobre 10, e polo tanto non supera a materia na convocatoria ordinaria, deberá realizar unha proba extraordinaria en xuño, establecida en base aos estándares de aprendizaxe e aos criterios onde se esixirán os contidos relacionados cos mesmos, que suporá o 100% da nota final.

### 3.- PENALIZACIÓNS.

O Departamento determina para todos os niveis, que haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando, tanto por medios analóxicos como dixitais, durante os exames ou calquera outra proba avaliable (incluso no caso de que as evidencias se produzan despois de ter rematada a proba).

A sanción que se establece é a de cualificación negativa (puntuación de 0) na proba en cuestión.

#### 3.1.- CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA PARA A ESO E 1º DE BACHARELATO.

O departamento de Lingua Galega e Literatura pretende a corrección nas catro destrezas básicas da lingua, de aí que a corrección ortográfica sexa de vital importancia para acadar a competencia lingüística.

Haberá unha penalización nas probas escritas que presenten erros ortográficos, chegando á perda máxima do 20% do valor da proba (2 puntos sobre 10); esta penalización aplicarase en todas as probas escritas da seguinte maneira: cada 4 erros ortográficos descontarase 0,25 puntos.

#### 3.2.- CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA PARA 2º DE BACHARELATO.

Na corrección dos exames teranse en conta os seguintes criterios relacionados coa **corrección lingüística**:

**Moi graves:** Desconto **0'2 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel morfolóxico e sintáctico**, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

**Graves:** Desconto **0'1 puntos cada un**. Solucións alleas ao estándar no **nivel léxico**, por exemplo o emprego de formas como \*silla, \*hasta ou \*random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta **acentuación diacrítica**.

**Leves:** Desconto **0'05 puntos cada un**. Solucións **ortográficas** contrarias ao estándar vixente (b/ v, h, \*ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica. Tipos de erros:

Poderase descontar ata un **máximo de 2 puntos** sobre a nota do exame por erros lingüísticos. Non se terán en conta os erros da pregunta de expresión escrita (comentario crítico) posto que xa na valoración do exercicios un dos criterios está relacionado con este aspecto.

#### 4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.

4.1.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e cualificación das materias pendentes.

Cada profesora, no nivel que imparte docencia, será a encargada da coordinación e seguimento deste alumnado. Tamén elaborará a proposta do plan de traballo para o alumnado así como as probas que se realizarán ao longo do curso.

Algúns aspectos que se atenderán son:

- Coordinación do grupo de alumnado coa materia pendente.
- Selección de actividades.
- Seguimento do alumnado no curso de referencia.

Os Indicadores co fin de establecer unha avaliación de todo o proceso son:

- Relación e adecuación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de medios e metodoloxía.
- Relación entre os contidos esixidos e as probas de avaliación.
- Adquisición das capacidades que lle permitan ao alumnado continuar coa seguinte etapa formativa.

4.2.- Criterios para a cualificación da materia pendente en ESO

4.2.1.- Realizarase un seguimento por trimestre facendo unha proba escrita en cada un deles. A nota para acadar o aprobado será un 5. A media final realizarase entre os tres trimestres. En caso de non superar a materia deste xeito,

terán a posibilidade de presentarse a unha proba final no mes de xuño na que entrarán os contidos de todo o curso.

4.2.2.- Este Departamento considera que en 1º e 2º de ESO as materias pendentes son progresivas, polo tanto, ao superar a materia do curso superior considérase superada a materia pendente.

Para acadar a recuperación da materia pendente o Departamento de Lingua Galega e Literatura terá en conta:

- Que non haxa abandono da materia e que se vexa a intención de superala; por iso será **obligatoria** a presentación ao exame de pendentes no que deberá obter como mínimo un 3,5 sobre 10. Se é o caso, tamén será obligatoria a realización de traballos que propondrá e valorará cada docente.

4.2.3.- No caso de 3º de ESO, o alumnado necesitará demostrar que acadou a competencia referida ao bloque de contido **B3. Educación literaria**, que ten contidos diferentes aos do curso superior; para iso necesitará superar as probas propostas, ou acadar unha nota mínima no apartado específico de "Literatura" do exame de pendentes trimestral. Este apartado NON poderá quedar sen cubrir, para demostrar que se acadan os obxectivos, que se coñecen os contidos e que a capacidade está adquirida.

4.2.4.- O departamento marcará as actividades para cada unha das unidades especificadas na programación co fin de marcar os obxectivos e os contidos necesarios para acadar a capacidade.

4.2.5.- As probas realizaranse nas datas propostas por Xefatura de Estudos en coordinación cos membros do Departamento. Será a xefa deste Departamento Didáctico quen realice esas probas no horario que ten recollido como "Xefatura de Departamento".

4.3.-Materia pendente de BACHARELATO.

No curso académico 23-24 non hai alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura I (1º de bacharelato) pendente de superar.